

DECRETO

ASUNTO: Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as na publicación da convocatoria no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de varios profesores/as da Escola Municipal de Música para o curso 2022-2023 (Violín e Trombón)

Expte: 2022/G003/000266.

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia da Coruña.

Mediante Decreto desta Alcaldía número 242/2022, de data 12 de setembro de 2022 (expediente 2022/G003/000257) aprobáronse as Bases para a contratación laboral temporal de varios profesores da Escola Municipal de Música do Concello de Negreira para o curso 2022-2023 (Violín e Trombón).

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade co disposto na base 5ª e 7ª das que rexen este proceso selectivo, e tendo en conta que ningún dos/as aspirantes ten causa de exclusión, en uso das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa concordante e de aplicación,

RESOLVO

Primeiro.–Declarar admitida de xeito definitivo a C.M.P.R co DNI: *****394-B única aspirante presentada no proceso selectivo antes referido e para o posto de Profesor/a de Violín da Escola Municipal de Música.

Segundo.–Declarar admitido de xeito definitivo a L.B. co NIE: X*****680-M único aspirante presentado no proceso selectivo antes referido e para o posto de Profesor/a de Trombón da Escola Municipal de Música.

L.B co NIE: X*****680M ao non ter acreditado estar en posesión do Celga 4 ou equivalente deberá de realizar unha proba de competencia de lingua galega en consonancia co establecido na base 7ª.

A proba realizarase o vindeiro **xoves, 29 de setembro de 2022 ás 12:30 horas na Casa de Cultura do Concello de Negreira sita na carreira de san mauro nº11**

Este proba cualificará ao aspirante como APTO ou NON APTO (base 7ª)

Terceiro.– A proba Didáctica á que alude a base 7º realizarase, tanto a do posto de profesor/a de Trombón como a do posto de profesor/a de Violín o **xoves, 29 de setembro de 2022 ás 14:30 horas no Salón de Sesións da Casa Consistorial de Negreira sita na rúa Carmen nº 3**



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Cuarto.- O Tribunal Cualificador efectuará a avaliación dos méritos o **vindeiro 29 de setembro de 2022 ás 19 horas no Salón Sesións da Casa Consistorial deste concello.**

Quinto.-Publicar a presente resolución na Sede Electrónica e na web deste Concello de Negreira en cumprimento do disposto na base 7ª das que rexen a presente convocatoria.

Sexto.- Dar conta ao Pleno da Corporación desta resolución na próxima sesión ordinaria que celebre.

Negreira, á data da sinatura electrónica que figura ao marxe
O alcalde
Manuel Ángel Leis Míguez